

CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

1. O equipo representativo da Universidade de Vigo estará composto por un mínimo de 8 e un máximo de 9 xogadores.
2. A Universidade de Vigo, a través da Área de Benestar, Saúde e Deporte organizará o aloxamento, manutención e desprazamento do equipo resultante desta convocatoria, facéndose cargo do seu pagamento, sempre dentro da dispoñibilidade orzamentaria de Extensión Universitaria (aplicación 202000CA211EDEP22699).
3. As persoas que resulten seleccionadas haberán de achegar individualmente un escrito de compromiso expreso de participación a fin de asegurar que a delegación da Universidade de Vigo conte con número mínimo de deportistas establecido.
4. A Universidade de Vigo, a través da Área de Benestar, Saúde e Deporte nomeará unha persoa adestradora que realizará as funcións correspondentes de selección, adestramento e dirección do equipo.
5. A Área de Benestar, Saúde poderá nomear de entre os xogadores a unha persoa que actúa como delegado do grupo.
6. A participación realizarase de acordo ao establecido no *Regulamento de participación en competicións deportivas interuniversitarias* (aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno do día vinte e oito de novembro de 2019).

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE DEPORTISTAS

1. Poderá ser seleccionados aqueles deportistas que teñan a condición de Persoal de Administración de Servizos da Universidade de Vigo (con cargo ao capítulo I)
2. Non se establece nivel deportivo mínimo para as persoas integrantes.
3. As solicitudes de participación realizaranse individualmente polas propias persoas interesadas e a través da aplicación informática campus activo . A data límite de presentación será o 30 de marzo de 2020.
4. No caso de que se rexistren máis solicitudes de participación que prazas dispoñibles, a Área de Benestar, Saúde e Deporte nomeará unha persoa adestradora e convocará aos candidatos a un adestramento para realizar a correspondente selección tendo en conta criterios técnicos.